



Olo coas vacas veganas!




Aquí estou cunha nova entrada vacúa e esta vez vouna dedicar a contarvos como e que comen as vacas. Comezo describindo o seu “curioso” aparello dixestivo, no que imos ver cousas que non son o que parecen...

Antón Camarero
Veterinario de Adial

Como sabedes, as vacas son ruminantes e, aínda que se di delas que teñen catro estómagos, en realidade estómagos, o que se di estómagos, só teñen un, **o callar** (chámase así porque é onde os xatiños “callan o leite” para poder dixerilo). Como curiosidade, hei de dicirvos que nas queixerías antigas utilizaban **o zume** que extraían do callar dos xatos para facer os queixos.

E os outros tres estómagos da vaca? En realidade non son estómagos, son dilatacións do esófago. A súa función? Actuar como tanques de fermentación (cunha capacidade de 200 litros!).



Destes, o máis voluminoso é o **bandullo**, logo vai a **redeciña**, que funciona como unha bomba que move todo o contido (se comes callos, son os anacos que teñen forma de “panal de abella”), e, por último, o **libro**, formado por lámi-

nas ou “páxinas” que secan o contido estomacal e actúan como filtro para impedir que as partículas grandes pasen ao callar. O que non pasa ao callar, a vaca regurxítalo, vólveo mastigar, salivar, tragar... e, de novo, ao bandullo.

► AS VACAS SON NECESARIAS E SERÍA UN ERRO DEIXAR DE CRIALAS, POIS O BALANCE É MOI POSITIVO CANDO ANALIZAMOS OS SEUS PROLES E OS SEUS CONTRAS AMBIENTAIS

De que se alimentan as vacas?

Principalmente, de forraxes (as herbas, follas e talos, que son ricos en fibras) e de concentrados (os grans, sementes ou subprodutos, que son ricos en proteínas ou amidóns). Cando entran no bandullo, forman parte do líquido ruminal, onde están sobrenadando os alimentos e os microorganismos (bacterias e protozoos) encargados de fermentalo. Os protozoos son como “vaquiñas microscópicas” que no seu interior tamén teñen bacterias que realizan a fermentación da celulosa para conseguir o seu propio alimento. Estes microorganismos ao chegar ao callar son dixeridos, pois son tamén fonte de proteínas. Como os protozoos os podemos considerar animais microscópicos, podemos afirmar que a vaca cultiva no seu interior “animaliños” para despois comelos... a moi ladina, e iso que vai de vegana! Durante a fermentación, prodúcense gases, que son eliminados ao exterior a través do eructo.

Como curiosidade, cóntovos que cando facía clínica unha das urxencias frecuentes eran as “vacas timpanizadas”. Que lles ocorría? Pois por diferentes razóns non podían desfacerse destes gases co eructo, o que lles provocaba unha dolorosa inchazón. Había que actuar de urxencia e perforar desde fóra o rume para evitar que se asfixiasen (o gas comprimía o diafragma contra os pulmóns). Se achegabas un chisqueiro ao chorro de gas que saía do interior da vaca, aparecía unha chama como a dun lanzachamas.

Na dixestión das vacas hai unha pequena proporción de bacterias que, no canto de nutrientes, producen metano. Este sae normalmente á atmosfera en forma de eructo e por isto un sector da opinión pública culpa os ruminantes como un dos responsables do efecto invernadoiro.

A produción de metano é real, pero non debemos esquecer que a cría de ruminantes achega outros moitos beneficios ao medio ambiente

e á humanidade: cultívanse no mundo millóns de hectáreas de forraxes para alimentalas (pradeiras ou millo que fixan nas súas raíces cantidades enormes de CO₂ ao chan e que compensan así este inconveniente do metano). Estes cultivos, ademais, impiden a erosión do chan, ocupan moitas veces zonas onde os ventos ciclónicos non deixarían medrar as árbores e serven de cortalumes intercalados entre as masas boscosas, impedindo a propagación dos incendios.

Tamén debo dicirvos que o alimento dos ruminantes en parte ou na súa totalidade é un recurso que o home non podería utilizar como alimento. Se non fose por estas plácidas falsas veganas, non se podería transformar a celulosa en alimentos, coma son o leite ou a carne.

Como conclusión: as vacas son necesarias e sería un erro deixar de crialas, pois o balance é moi positivo cando analizamos os seus proles e os seus contras ambientais. ■

